RESUMO 4

Recorda

- *A declinación dos adxectivos é coma a dos nomes, pero teñen formas para cada xénero; tamén poden aparecer en comparativo e superlativo. Hainos de tres e de dúas terminacións.*
- *O presente de subxuntivo presenta a vogal temática longa -ω- / -η-. O optativo presenta -ιη- / -ι- para os atemáticos (εἰμί) e -οι- para os temáticos (λύω). O imperativo ten desinencias especiais e só na segunda e terceira persoa.*
- *A partícula ἄν dálle ao optativo valor potencial.*
- *A lírica era un canto acompañado da lira. Ten variedade de metros, estrofas e temas.*
  O autor firma a súa obra, fronte ao poeta épico que cre que a musa fala pola súa boca.
  *Pode ser **monódica**: elexíaca, iámbica e mélica; ou **coral**.*
- *A guerra do Peloponeso enfrontou a Atenas e os seus aliados contra Esparta e os seus. As causas foron económicas e políticas.*
- *O resultado foi a derrota de Atenas e a instauración da Tiranía dos Trinta.*
- *As unidades mínimas da palabra son os **monemas**, que poden ser de dúas clases:*
  ***Lexemas**, con significado completo e autónomo;*
  ***morfemas** que se subdividen en:*
  - Gramaticais: definen as categorías de caso, número, persoa, tempo, modo, voz...
  - Derivativos (ou afixos): prefixos, infixos e sufixos.
- *As palabras divídense: **flexivas** (variables) e non flexivas (invariables).*
- *Chámanse familias de palabras as que comparten un mesmo lexema.*